

Galicia cara á exclusión financeira

En 2014 a empresa patrimonial de Escotet adquiriu por 1.003 M€ NOVAGALICIA BANCO, a marca senlleira de NCG BANCO, S.A., banco público que asumira a actividade bancaria da fusionada NOVA CAIXAGALICIA en agosto de 2011. Sen dúbida Juan Carlos Escotet non é responsábel dunha desaquehada venda na que concorreron as presas do Banco Central Europeo e do FROB do ministro de Guindos, canda as leas dos presidentes Rajoy e Núñez Feijóo. Algún día haberán de se coñecer os miolos deste negocio e seica éstos encherán páxinas da historia económica deste País. En calquera caso, cómpre lembrar que xa no primeiro exercicio a propiedade de ABANCA recuperara o 60% do seu investimento.

Mais, xa saben... Deus nos libre dun xa foi! E mesmo a oferta de Escotet, cómpre recoñecelo, melloraba a de Caixabank, que non ofrecía cantidade ningunha e prometía a liquidación das sedes central e institucional de NCG BANCO na Coruña e Vigo, suprimindo de vez máis de 2.000 empregos cualificados. A mesma Caixabank que non tivo inconveniente en mudar a súa sede social de Barcelona a Valencia malia xurdir hai 140 anos da iniciativa civil catalá.

O investidor Escotet soubo aproveitar o magnífico elemento humano (incluído o seu moi cualificado e polivalente cadro de persoal directivo) das antigas Caixas galegas e máis a súa rede territorial, que abranguína na fin de 2013 arredor do 33-35% do pasivo e case o 40% do activo do noso País. As contas de ABANCA dende 2014 son un modelo de éxito.

Mais, dende o primeiro semestre do 2020, ABANCA seica esqueceu (ou polo menos esquece ás veces) o seu modelo de negocio e

as súas orixes. Porque esencial ao seu éxito na Galicia urbana semiurbana e rural é o achegamento ao territorio, ao consumidor, á pequena e mediana empresa galega. Mais arestora, dende o comezo do verán de 2020 adoptou algunhas decisións propias da Banca máis capitalista e menos vencellada ao cliente e ao territorio, o que é moi respectábel, mais semella que non é a proposta que dende o 2014 nos fixo chegar ABANCA na súa comunicación aos clientes e á xeralidade da cidadanía galega.

Velaí as desaquehadas comisións de administración e mantemento cobradas dende o 2020 (porén, xusto é recoñecer que souberon reaxir e reembolaron un bo número delas), en comparación coas limitadas achegas económicas que moitos pensionistas reciben nesas contas. E, nomeadamente, o peche de moitas oficinas no rural galego, proceso comezado polo interior das provincias de Lugo e Ourense e continuado agora con oficinas tan históricas como Zas, Baíñas (Vimianzo), Cerdido, Campo Lameiro, San Valentín (Fene) ou A Baña.

Este proceso xúntase á substancial redución de oficinas que está a desenvolver o Sabadell Gallego (herdeiro dos bancos do noso País Gallego, 21, *Crédito e Inversiones e Hijos de Olimpio Pérez*), que reducirá o emprego en 500 persoas só na nosa Galicia e pechará oficinas como Camariñas e a mítica de Cée, sede primeira da Banca de Perfecto Castro Canosa e aos recortes salvaxes de oficinas e persoal da rede galega do Santander, herdeira das redes do Banesto, Pastor, Popular e Galicia.

Entre os tres bancos devanditos xuntan o 70% da oferta financeira galega. Velaí o imparábel proceso de oligopolio e correlativa exclusión financeira na Galicia.

Xusto é recoñecer que Alberto Núñez Feijóo assistiu con toda pasividade a este proceso. Non foi quen de evitar a destrución das Caixas galegas e mesmo fixo posíbel unha malfadada fusión das mesmas que xerou en boa parte a actual situación de oligopolio e exclusión. Asistiu tamén pasivo á merca do Gallego polo Sabadell e do Pastor polo Popular, na fin do 2011 (ese día estaba en Andalucía e semellou non se enterar do que estaba a pasar).

E, por riba de toda esta trapallada o presidente da Xunta vai indemnizar a ABANCA con 2.8 M€/ano por abrir caixeiros en moitos dos pobos onde os pechou anteriormente.

O cadro é arrepíante para o rural e para as persoas consumidoras, mais tamén para unhas pemes e empresas relevantes cada vez máis excluídas do acceso ao crédito bancario, que aproveita os depósitos galegos para dirixilo a Madrid e outros territorios do Estado. Deste xeito non faltan as ocasións nas que as nosas empresas líderes teñan que recorrer ao financiamento para o medio prazo de fondos internacionais sempre desexosos de multiplicar beneficios en 2-3 anos, prexudicando substancialmente os plans de negocio das nosas empresas pola falla dun financiamento bancario acaído nun período de 4-8 anos.

Núñez Feijóo assistiu pasivo dende o 2009 ao proceso de deconstrución do subsistema financeiro galego (Pastor, Galicia, Etcheverría, Gallego, Caixa Rural Galega, Caixanova e Caixa Galicia). E asiste pasivo ao imparábel proceso de exclusión financeira das nosas empresas e consumidores, que nace do crecente oligopolio bancario e recentralización das decisións de financiamento en Madrid.